

Estatística de construción de edificios. Decembro 2008

NOTA DE PRENSA

En decembro de 2008 os concellos galegos concederon licenzas para construír 979 vivendas de nova planta

Segundo a “Estatística de construción de edificios”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística en colaboración co Ministerio de Fomento, e que resume os datos das licenzas de obra maior concedidas polos concellos galegos, no mes de decembro de 2008 concedéronse licenzas para 401 **edificacións de nova planta**. Sobre edificacións xa existentes, concedéronse licenzas para 124 **obras de rehabilitación** de edificios e 27 para **obras de demolición** de edificios.

ESTADÍSTICA DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS

Ano	Mes	LICENZAS MUNICIPAIS DE OBRAS						
		Edificación de nova planta			Obras de rehabilitación		Obras de demolición	
		Edificios	Superficie (miles de m ²)	Vivendas	Edificios	Vivendas	Edificios	Vivendas
2006		7.942	7.520	41.115	1.521	1.160	738	1.209
2007		8.523	8.750	45.630	1.677	1.308	842	1.530
	xaneiro	718	748	4.336	119	77	77	135
	febreiro	750	641	3.668	112	69	65	142
	marzo	847	814	4.373	125	112	90	147
	abril	671	630	3.425	160	121	45	90
	maio	1.080	1.200	5.903	154	153	73	134
	xuño	505	720	3.794	102	103	29	46
	xullo	726	784	4.200	174	148	91	203
	agosto	624	757	4.025	171	124	64	102
	setembro	663	512	2.560	107	56	59	89
	outubro	638	617	2.921	141	101	54	89
	novembro	647	747	3.176	170	126	138	258
	decembro	654	581	3.249	142	118	57	95
2008		6.293	5.001	23.512	1.852	1.320	556	1.036
	xaneiro	914	543	2.727	129	116	44	92
	febreiro	641	446	2.287	150	98	31	90
	marzo	481	522	1.973	128	76	46	98
	abril	667	624	3.210	176	160	69	98
	maio	485	373	1.944	184	101	51	117
	xuño	678	544	2.344	180	110	47	82
	xullo	614	507	2.468	199	134	95	90
	agosto	368	224	1.024	132	82	71	128
	setembro	387	331	1.466	133	82	31	51
	outubro	351	393	2.014	167	175	26	78
	novembro	306	252	1.076	150	98	18	47
	decembro	401	242	979	124	88	27	65

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estatística de construción de edificios

Nota: Datos provisionais

Estas licenzas permitirían construír 979 **novas vivendas**. O número de vivendas a rehabilitar sería de 88 e as de demoler 65.

Para o conxunto do ano 2008 concedéronse licenzas para a construción de 6.293 edificacións de nova planta, o que supón unha diminución do 26,2% con respecto ao ano 2007. Os edificios a rehabilitar aumentaron un 10,4%, situándose en 1.852 e os de demolición diminuíron un 34%. As licenzas de nova planta permitirían construír 23.512 vivendas, un 48,5% menos que en 2007.

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_construccion_vivenda.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>?
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>